

Rudesindo Soutelo

‘A música é unha abstracción matemática pero ten que emocionar’

XAN CARBALLA

Rudesindo Soutelo (Baldrás, 1952) vén de estrear na Catedral de Tui a súa obra *Quod nihil scitur*, adicada ao filósofo nado na cidade tudense, Francisco Sánchez e en homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez. Soutelo, músico e editor musical, colaborador d'A Nosa Terra coa sección *O bardo na brétema*, explica nesta conversa os avatares dos dereitos de autor do Himno Galego.

De tres facetas súas cal é a primeira, compositor, editor musical ou animador, por exemplo como fundador das Xuventudes Musicais de Vigo?

Non sei o que é primeiro, porque non sei desde cando me podo considerar compositor, pero é esa a faceta criativa a que te chama a involucrar en todo. Toda creación é unha transcendencia e por iso hai que usar o que tes arredor e se non hai un ambiente musical contribúes a facelo. Por iso fundamos as Xuventudes Musicais en Vigo, porque non había nada.

Cal é o seu primeiro contacto coa música?


Comecei aos catro anos a estudar música porque meu pai quería que tocara o acordeón, un instrumento que sempre rexeitei quizais porque me viña imposto. Nacín en Baldrás (Tui) pero marchei aos tres meses ao Brasil onde estaba meu pai. Voltei con catro anos e medio, e como xa aprendera a ler alí, tiña tempo libre na escola e puxéronme a estudar música ao tempo que outros estaban coas primeiras letras. Daquela todos os meus esquemas mentais desde miúdo xiran arredor da música. As primeiras cancións fixenllas ás rapazas que me gostaban pero nunca llas entregaba por timidez. Aínda que nunca sabes onde situar a “primeira música”, si a que considero xa propiamente miña como autor: é unha peza para orquestra de cámara, que compuxen con dezasete anos, antes de marchar a Madrid. Sería a primeira con organización, estrutura e linguaxe comunicativa.

Estuda en Madrid e volve a Galiza que é cando funda Xuventudes Musicais.

É que cando regresei non podía estar man sobre man e en 1972 montamos as Xuventudes Musicais. O primeiro concerto foi no 1973 e tamén organizamos un congreso de artistas mozos. Despois argallamos cousas aínda importantes neste medio, en 1976 montamos *Laetinae Música*, unha proposta que podíamos denominar *novo dada*, coa que fixemos dous concertos escandalosos, que era do que se trataba, en Fonseca (Santiago) e no antigo Auditorio de Caixavigo. O que queríamos era remover o anquilosamento da época e tamén por iso me fixen despois editor musical.

Como empezou?

Primeiro foron os facsímiles de música antiga e pouco a pouco pensei en publicar música de autores vivos. A editar comezamos no ano 1980 cando o proceso era case manual. Os gravadores traballaban directamente con punzóns sobre as planchas de cobre ou tamén se dibuxaba en papel e se fotografaba. Era moi caro e había moitas dificultades coas correccións. Hoxe as ferramentas informáticas facilitan, sen dúbida, o traballo do editor, do compositor ou do musicólogo. Pero moitas editoras traballan con persoal que non ten formación previa de copista e iso nota-se na calidade e o acabamento. É como a autoedición que parecía que ía permitir que calquera pui-



X. CARBALLA

dese ser editor, cando se nota ben nun libro se hai un oficio detrás. En Arte Tripharia presumo de que a xente que traballa ten unha boa formación de copista máis alá do coñecemento informático. O problema da edición musical é como compaxinar calidade e ao tempo non arruinarse.

O mercado é moi limitado?

É pequeno, de profesionais, pero ademais se publicas unha obra para violín só lle vai interesar aos do violín e non a todos. É un mundo reducido. Aínda que no caso do *Corpus Musicum Gallaeciae* xa levo dez anos publicando partituras.

Que recolle o *Corpus Musicum Gallaeciae*?

Estou publicando obras de compositores vivos porque entendo que a parte histórica é xa misión dunha institución pública. As posibilidades de recuperación

económica son moi escasas dado que son materiais de dominio público e o único que podes recuperar é a venda en papel, que está moi mermada porque se fotocopia. O *Corpus Musicum Gallaeciae* empezámolo en 1994 Roxelio Groba e máis eu; pateámonos todas as consellerías da Xunta explicando a importancia do proxecto en canto á parte histórica para despois comezar cos vivos, pero a ninguén lle interesou.

Ao ocuparse de autores vivos que criterio de publicación segue?

Estou en contacto coa práctica totalidade dos compositores e como é unha empresa privada teño que seleccionar en función do que considero de máis calidade. Prestixiar unha colección é algo que custa moitos anos, pero desprestixiala é fácil se metes dúas obras que

non están á altura dos demais.

Nas obras que estrea, tanto agora na Catedral de Tui, como noutras anteriores, hai memoradas explicacións das motivacións. É preciso coñecer ese prólogo para facer a audición?

A música é abstracta e daquela vale para todo. Cando escoitas “A paixón segundo San Mateo” de Bach, que é unha obra longa, obvias o texto e escoitas sen máis. Pode resultar alegre ou triste, ser relixiosa ou profana, pero a música é unha linguaxe que non serve para pedir un vaso de auga. Eu digo que a música é a expresión máis fermosa das matemáticas, unha verdadeira alegoría do número, pero os músicos tendemos a ocultalos. Harmonía, melodía ou forma musical, todo é un número. Pero si só fas música como matemática pode resultar fría e o

que move a música son emocións. Por iso penso que convén dar indicacións a quen escoita. Os propios títulos condicionan a audición de calquera obra: se pos un título xocoso pode interpretarse que é un divertimento, se pos algo máis severo cambia a percepción, cando a música é a mesma. Se usas textos o condicionamento xa vai implícito. A obra que estreei na Catedral de Tui o día 13 tiña a motivación concreta de estar composta como homenaxe ao filósofo Francisco Sánchez e *in memoriam* de Xosé María Álvarez Blázquez.

Ten varias obras adicadas a personaxes da cultura galega, Borobó, Manuel María... son parte dun proxecto maior?

Que polo de agora está inconcluso. Quería facer unha dúcia de dúos de gaita adicados aos amigos de letras cos que traitei. Comecei con Borobó porque surtiu nunha tertulia que facíamos no Café Comercial de Madrid na que el estaba presente. Fixen tamén outra a Manuel María. Só se estreou a primeira porque exprimo os recursos do instrumento ao máximo e iso existe tamén do intérprete e do construtor de gaitas a ir máis alá. Por iso estimo que vai ser un repertorio de concerto que irei completando co tempo.

Nunha entrevista de 2003 explicaba como fixo para rexistar os dereitos do Himno Galego.

Das obras que son xa de dereito público pódense facer arranxos e rexistar esas partituras. Se é unha obra viva en dereitos hai que poñerse de acordo co autor ou cos seus herdeiros. Quen xestionara os dereitos do Himno Galego é Arte Tripharia que os destina á edición do *Corpus Musicum Gallaeciae*, pero é moi pouco diñeiro: 50 euros o último trimestre. A partitura de Pascual Veiga é impracticábel, porque está feita para un coro masculino, e o himno hai que tocalo como hoxe se reclama, con banda ou orquestra, coro, dúo de gaitas e percusión, voz e guitarra... Había que preparar unhas versións diso e no ano 1985, cando se aprobou a Lei de Símbolos, o vicepresidente Xosé Luís Barreiro encargoulle a Roxelio Groba as partituras oficiais. Graváronse, distribuíronse e son as que se lle dan a quen as solicita a Protocolo. Esas versións de Groba son as que teñen dereitos porque a versión orixinal está en Dominio Público. O anecdótico do asunto é que cando Groba quixo rexistralas dicíanlle na SGAE que xa estaban a outro nome. O problema era que no ano 1926 unha editora catalá rexistrara o Himno Galego (porque Pascual Veiga non o fixera) a nome de José Adolfo Veiga Paradís, unha persoa da que só constaba a data de nacemento de 1875. Na Enciclopedia Galega aparecía tamén como nado en Tui, pero non está inscrito no Rexistro Municipal. A miña conclusión é que non existiu ese personaxe e que a editorial, como nos anos 20 empezaba a soar moito o Himno, se fixo cos dereitos cun titular inexistente e disfrutou deles até 2000. ♦